

QUINTA REUNIÓN DO TRIBUNAL CUALIFICADOR PARA O PROCESO DE SELECCIÓN CONVOCADO PARA A COBERTURA DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS DE A CORUÑA (1 DE XUÑO DE 2016)

Na Sala de reunións da Concellería de Emprego do Concello de A Coruña, sita no Palacio Municipal, Praza de M^a Pita s/n, ás 8.30 horas do día 1 de xuño de 2016, previamente convocados, reúnese o Tribunal Cualificador (en diante, o Tribunal) que ha de avaliar os méritos dos candidatos definitivamente admitidos para a cobertura da praza de Xerente do Consorcio de Turismo e Congresos de A Coruña (en diante, o Consorcio) e proceder á valoración dos mesmos, así como poñer en coñecemento do Tribunal a interposición do recurso presentado por dous candidatos que resultaron rexeitados, segundo o acordo de 27 de maio de 2016.

Asistentes:

- Presidenta: Dna. Sagrario Ron López
- Vogal: D. Jesús Casás López
- Vogal: Dna. Ana Agras Gómez
- Vogal: D. Rafael Benito Cases
- Secretario: D. Manuel José Díaz Sánchez

Asiste, como persoal técnico:

- Dna. M^a Ángeles Pinell Cienfuegos, Administradora do Consorcio, en funcións de apoio a Secretaría do Tribunal.

1. INFORME DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS AO RECURSO FORMULADO POR D. MOISÉS RODRIGUEZ IZQUIERDO E D. JUAN LUIS GASCÓ AZNAR.

Por parte do Tribunal, previa deliberación, aos efectos do preceptuado no artigo 114.2 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, considerando o recurso formulado ten a natureza dun recurso de alzada, acórdase a emisión á Presidencia do Consorcio como órgano superior xerárquico do informe seguinte:

INFORME DO TRIBUNAL DE SELECCIÓN DUNHA PRAZA DE XERENTE DO CONSORCIO DE TURISMO E CONGRESOS AO RECURSO DE ALZADA DE D. MOISÉS RODRÍGUEZ IZQUIERDO E D. JUAN LUÍS GASCÓ AZNAR Nº DE REXISTRO ENTRADA 105 DE DATA 31 DE MAIO DE 2016

Visto escrito con entrada nº 105 de 31 de maio de 2016 de recurso de alzada (denominado de reposición) interposto por D. Moisés Rodríguez Izquierdo e D. Juan Luís Gascó Aznar, fronte á resolución do Tribunal constituído para a selección da praza epigrafiada de 27 de maio de 2016, polo



que se desestimaron parcialmente as reclamacións formuladas e se excluíu aos recurrentes do proceso de selección, formulando o mesmo ao abeiro dos artigos 107.1 e 62 e 63 da Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, de conformidade co disposto no art.114.2 da mesma norma, emítese o seguinte,

INFORME:

Con data 27 de maio de 2016, reuniuse o Tribunal cualificador para resolver as alegación formuladas polos hoxe recurrentes e outra candidata mais que foran excluídos ao non superar a proba de idioma galego coa puntuación mínima esixida (20 puntos).

Na referida reunión acordouse a estimación parcial da alegación efectuada (anulación da pregunta número tres,) desestimándose as restantes cuestión alegadas e aprobando a puntuación definitiva e a subseguinte excusión dos referidos candidatos procedéndose á publicación do resultado na páxina web.

Con data 31 de maio de 2016 formulase o recurso que se está a informar.


Lexislación aplicable:

- Constitución Española de 1978 (CE).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL).
- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP).
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXPAC).
- Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

1º.- Compre que en primeiro lugar que este Tribunal se pronuncie sobre a natureza do recurso; son os propios recurrentes os que no seu escrito de interposición cualifican o recurso como de reposición, se ben realmente o interpoñen contra un acto que xa foi resolutorio dunha reclamación formulada, e realmente un recurso contra un recurso, e no seu fondo interpóñeno contra o proceso seguido polo Tribunal Cualificador que levou a cabo a súa exclusión do proceso de selección, cuestión de fondo, toda vez que determina a súa imposibilidade de seguir no procedemento selectivo ao tratarse dunha exclusión definitiva, ao ser o acto recorrido resolutorio dun acto inicial obxecto de reclamación e xa resolta esta, polo que se estima que o recurso formulado na súa natureza é máis ben un recurso de alzada dos previstos no artigo 114 da LRJPAC en relación co artigo 107.1 da mesma disposición, por canto non se interpón contra a eventual resolución que puxo fin ao procedemento selectivo no seu conxunto, e realmente estase a facer unha reposición dunha resolución desestimatoria dunha reclamación formulada como unha reposición dunha reposición.

Isto é así xa que contra as resolucións e actos de trámite do Tribunal, si estes deciden directa ou indirectamente o fondo do asunto, determinan a imposibilidade de continuar o procedemento, producen indefensión ou prexuízo irreparable a dereitos e intereses lexítimos, as referidas reclamacións deberán ter a consideración de recursos de alzada, aínda que o interesado non o





cualifique como tal.

Compre en virtude do principio de dependencia xerárquica do Tribunal respecto ao órgano que o nomeou, a presidencia do Consorcio, que sexa este órgano o que resolva a cuestión formulada, toda vez que o Tribunal xa resolveu a desestimación do que agora se volta a solicitar.

Por elo, mantendo a súa mesma cualificación, debe considerarse que a resolución que se ataca é a que pon fin ao procedemento nesta fase da convocatoria. Ademais, hai que engadir que, de non entendela así, a resolución do recurso non debería entrar no fondo do asunto, xa que sería resolver o xa resolto, resultando ademais que, a estas alturas, os recorrentes quedarían sen máis acción que o recurso extraordinario de revisión previsto no artigo 108 da LXPAC e a súa posición, con quebranto do principio "*in dubio pro actione*", que pretende favorecer aquela interpretación máis favorable ao exercicio do dereito á acción e asegurar, no posible, máis aló das dificultades de índole formal, unha decisión sobre o fondo da cuestión obxecto do procedemento, que debe corresponder a un órgano distinto e superior ao que ditou o acto inicial recorrido e a desestimación das alegacións formuladas fronte o mesmo.

2º.- Entrando no fondo do asunto, pásase a continuación a comentar os motivos ou alegacións formuladas polos recorrentes, que son reiterativos no fondo e na forma dos xa formulados e resoltos na referida sesión de 27 de maio de 2016.

Nas alegacións que formulan como elementos de feito volven a mencionar a cuestión da pregunta número tres que xa foi resolta ao seu favor, na sesión de 27 de maio de 2016, e respecto a pregunta número vinte e catro reiteran a argumentación e respecto á número trinta, igualmente.

Manifestan igualmente a súa discrepancia con outra preguntas do test, posto que consideran que non aparecen nos documentos do test de manual do profesorado do nivel Celga 4, nin noutros documentos dese nivel.

Como fundamentación de dereito consideran que na base sexta da convocatoria non figura que se aplicara o formato tipo test, que o manual Celga 4 establece determinadas probas para o mesmo e que constitúe un referente normativo do que non podería apartarse o Tribunal, que este debe estar asistido por persoal técnico, que non foron validadas as follas por ese persoal técnico e fan mención dos artigos da meritada Lei 30/1992 de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, que non hai motivación da resolución, que existen erros materiais e que procedería a suspensión do acto ao abeiro do artigo 111.2, facendo referencia ao dereito de petición do artigo 29 da Constitución.

A *petitio* que se formula no recurso é que se deixe sen efecto o acordo de 27 de maio de 2016 e se resolvan os seguintes pedimentos:

Anulación da proba de idioma galego de 11 de maio de 2016, coa anulación das preguntas que mencionan que entenden non se axustan ao contido do manual Celga 4.

Anulación da resolución da mesma data por entender que existe falta de motivación, que non se presentou a acta de resolución e por infracción da normativa de Órganos Colexiados e por defectos de forma.




A inclusión dos recorrentes na fase de valoración de 1 de xuño de 2016, e a realización polos recorrentes dunha nova proba de nivel en base á programación do Celga 4, a realizar en momento posterior á valoración dos méritos.

Considerando que este Tribunal xa se pronunciou no acto obxecto agora de recurso e sinalando que, efectivamente na pregunta número 3, a resposta correcta era a letra b e non a c, e procedeuse á anulación da pregunta referida, e que polo tanto formulase un recurso sobre algo que xa foi resolto a favor dos recorrentes, considerase que debe desestimarse este aspecto da súa petición, por xa terse resolto.

Considerando que, vista a corrección das preguntas 24 e 30, tal e como se acordou o 27 de maio de 2016, debe manterse a validez das mesmas e debe manterse a desestimación da petición da súa anulación que agora se reitera cos mesmos argumentos; debe reiterarse o xa sinalado de que especificamente para a pregunta nº 24 a solución é a correcta e para a nº 30 debe considerarse que a morfoloxía é unha parte da gramática, carecendo de relevancia o alegado para desvirtuar nestes apartados a valoración efectuada.

Considerando que, respecto as restantes preguntas que se mencionan (4, 5, 6, 7, 14,15,16,19, 20,21 y 27) xunto coa mención pola mesma causa das 24 e 30, considerase que non se axusta ao contido do manual Celga 4, cando xa no pronunciamento efectuado o 27 de maio de 2016, xa se sinalou polo Tribunal cualificador que non eran admisibles as alegacións efectuadas en base a esta argumentación, respecto ao nivel da proba, xa que, aínda que como nivel mínimo de coñecemento do idioma galego esixíase o Celga 4, ou título equivalente, sen necesidade de exame, e en caso de non dispoñer do mesmo a superación dunha proba de nivel, conforme ao previsto nas bases, esta en se mesma, non é equivalente á proba esixida para a obtención en exames públicos do Celga 4, nin o Tribunal está vinculado por como se realicen, e como consecuencia da superación do test aprobado tampouco se expide título algún nin garante o nivel de Celga 4, oral e escrito dos aspirantes conforme ás normas da Xunta, senón que, unicamente é unha proba de nivel de galego, básico para un posto de carácter directivo que terá que utilizalo habitualmente como un dos idiomas oficiais na Comunidade Autónoma no seu traballo, e co nivel mínimo que polo Tribunal estimouse preciso, tecnicamente e que superou, corrixido o erro padecido un dos tres aspirantes, e que os dous recorrentes non obtiveron a puntuación mínima precisa.

Considerando que, compre reiterar que de conformidade con disposto no artigo 51.2 da Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia, corresponde entre outros extremos as bases das convocatorias dos procesos selectivos establecer o carácter, e no seu caso a valoración do coñecemento da lingua galega e que a inclusión do exame do galego, do xeito efectuado agás para aquelas persoas que acreditasen o coñecemento da lingua de conformidade ca normativa vixente efectuouse conforme ás Bases da convocatoria e a normativa de aplicación, non sendo un exame de Celga 4 que se rexe pola súa normativa específica senón un exame de galego para persoas que non tiñan acreditado o seu coñecemento no proceso selectivo.



Considerando que o Tribunal por unanimidade, fronte ao que se alega, nas dúas sesións anteriores (terceira e cuarta reunión do Tribunal) aprobou tanto a corrección efectuada e que se incorporaron como anexo ao Acta as referidas valoracións nos propios exercicios, e que na cuarta reunión, especificamente fronte ao que se manifesta seguiuuse rigorosamente o procedemento establecido, e non foi solicitada polos aspirantes hoxe recorrentes copia da acta de ningunha das reunións das que poderían dispoñer, carecen de relevancia e fundamentación formal ou substancial as cuestións formuladas sendo inequívoca a vontade do Tribunal manifestada nas mesmas, a presenza dunha asesora técnica, a motivación polo miúdo das súas resolucións, etc.

Considerando que procede reiterar do mesmo xeito que se efectuou na sesión de 27 de maio, que o Tribunal, polo tanto, actuou, tanto na selección do exame como na valoración do mesmo, no exercicio das súas atribucións conforme ás bases e que depurado o acto anterior, valorativo dos erros que puidese conter, resolveuse que non procedía a repetición da proba senón a anulación da pregunta incorrecta e a revaloración das puntuacións obtidas para os dous candidatos afectados (Sres. Gascó Aznar e Rodríguez Izquierdo), tendo en conta que a outra reclamante (Sra. Calatayud Álvarez) foi admitida xa ao obter a puntuación mínima, nesa mesma sesión e en acto anterior por unanimidade acórdase informar á Presidencia do Consorcio:

Primeiro.- Que ao abeiro do establecido nas bases reguladoras da convocatoria, a actuación do Tribunal na proba do idioma galego efectuouse con suxeición ás mesmas e de conformidade co disposto no artigo 51.2 de Lei 2/2015 de Emprego Público de Galicia.

Segundo.- que a criterio de este Tribunal debe manterse o acto impugnado non sendo procedente a anulación da proba de nivel de 11 de maio de 2016 nin das preguntas a que se refire a petición (téndose xa estimado a referida a pregunta número 3) nin tampouco se estima procedente a anulación dos outros extremos do acordo de 27 de maio de 2016 que excluíu aos recorrentes do proceso de selección, non procedendo tampouco a inclusión dos mesmos na fase de valoración de méritos a realizar o 1 de xuño de 2016.

Terceiro.- Igualmente por este Tribunal informase que debe desestimarse a petición de realización dunha nova proba de lingua galega en momento posterior á valoración dos méritos prevista para o día 1 de xuño de 2016, pola contravención que representa das bases da convocatoria por ter que preceder necesariamente a realización da proba de idioma á valoración dos méritos.


Cuarto.- Que tal é o criterio do Tribunal sen prexuízo doutro mellor fundado e de que pola Presidencia se resolva o que se estime procedente.

2. VALORACION DE MÉRITOS SEGÚN AS BASES DA CONVOCATORIA

Polo Tribunal procédese a deliberar e fixar os criterios en aplicación das Bases da convocatoria que aprobados por unanimidade son os seguintes:

- En canto a formación:

- No apartado de Máster valorarase como tal os MBA por entender que abrangue as materias obxecto de valoración.



- Os doutorados serán valorados como Postgraos cando versen especificamente en materia de: turismo, comunicación ou Marketing.

– **En canto a experiencia profesional:**

- A valoración das fraccións da totalidade da experiencia computarase como un ano completo, previa dedución do período de tempo establecido como requisito de admisión (5 anos de experiencia no sector turístico, dos cales, dous deberán no ámbito directivo, baixo o principio do criterio máis favorables para os candidatos).

– **En canto a idiomas:**

- Acórdase valorar o nivel superior ao requisito de participación esixido, enténdéndose que os niveis superiores abranguen aos inferiores, valorando nese suposto a suma dos dous niveis.



De seguido polo Tribunal, á vista dos criterios indicados e examinada a documentación achegada polos aspirantes, por unanimidade, procede á aprobación da valoración de méritos que se relaciona a continuación:

ASPIRANTE: ALCALA BAILLIE, LUIS

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	5
Postgraou ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	0,5
TOTAL		5,5



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	25
TOTAL		25

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 30,5

ASPIRANTE: ÁLVAREZ GONZÁLEZ, ASER

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	5
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	5
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	6
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	2
TOTAL		18







B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	5
TOTAL		5

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	1
TOTAL		1


TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 24

ASPIRANTE: ALVARGONZÁLEZ FERNÁNDEZ, FEDERICO JOSÉ

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	3
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		3





B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	15
TOTAL		15

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 18

ASPIRANTE: BARREIRO VÁZQUEZ, PABLO

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	5
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		5

B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	25
TOTAL		25

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	2
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		2

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 32

ASPIRANTE: CALATAYUD ALVAREZ, LANZADA

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	10
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	5
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		15



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	15
TOTAL		15

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	4
	Nivel C1 = 2 puntos	2
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		6

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 36

ASPIRANTE: COSTA CAAMAÑO, LILIANA

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	0,5
TOTAL		0,5



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	6
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	10
TOTAL		16

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	2
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		2

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 18,5

ASPIRANTE: IGLESIAS RUBIO, TANIA

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	5
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	0,5
TOTAL		5,5



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	15
TOTAL		15

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	2
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		2

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 22,5

ASPIRANTE: LEDO ARIAS, MARUXA

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	5
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	3
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	0,5
TOTAL		8,5



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	10
TOTAL		10

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 18,5


ASPIRANTE: RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, PAULA MARÍA

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		







B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	16
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	10
TOTAL		26**

****MÁXIMA PUNTUACIÓN COMPUTABLE = 25 PUNTOS**

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 25

ASPIRANTE: RODRIGUEZ MASEDA, JESÚS

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	10
TOTAL		10

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 10

ASPIRANTE: VAZQUEZ SANMARTÍN, ANTONIO

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		







B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	20
TOTAL		20

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS


		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	2
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		2

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 22

ASPIRANTE: VILA LÓPEZ, M^a JESÚS

A) FORMACIÓN. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Máster en Turismo	10 puntos	10
Máster en Marketing ou Comunicación	5 puntos	
Outras titulacións universitarias de Licenciatura, Grao ou Diplomatura	5 puntos	
Postgrao ou Curso Superior de Especialización en materia de Turismo, Comunicación ou Marketing	3 puntos	
Formación homologada en ferramentas TIC Neste apartado valorarase a formación de máis de 50 horas, co seguinte baremo: Curso de máis de 50 horas = 0,5 puntos	2 puntos	
TOTAL		10



B) EXPERIENCIA PROFESIONAL. MÁX. 25 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Experiencia no sector turístico	2 puntos por ano ou fracción	
Experiencia como persoal directivo no sector turístico	5 puntos por ano ou fracción	10
TOTAL		10

C) COÑECEMENTO DE IDIOMAS MÁX. 10 PUNTOS

		PUNTUAC. CANDIDATO/A
Inglés	Nivel C2 = 4 puntos	
	Nivel C1 = 2 puntos	
Outros idiomas estranxeiros	Nivel C2 = 2 puntos	
	Nivel C1 = 1 puntos	
TOTAL		

TOTAL PUNTUACION VALORACIÓN MÉRITOS = 20


Como consecuencia das valoracións antecitadas e de conformidade coas Bases Reguladoras da convocatoria (Cláusula 9.2) que establecen para acceder á segunda fase deberá terse acadado un mínimo de 20 puntos, a listaxe provisional de candidaturas que accederán a segunda fase, concedendo un prazo de 3 días hábiles para posibles alegacións, e a seguinte:

LISTAXE PROVISIONAL DE CANDIDATOS QUE ACCEDEN Á SEGUNDA FASE

CANDIDATO	PUNTUACIÓN
ALCALA BAILLIE, LUIS	30,50
ALVAREZ GONZALEZ, ASER	24,00
BARREIRO VAZQUEZ, PABLO	32,00
CALATAYUD ALVAREZ, LANZADA	36,00
IGLESIAS RUBIO, TANIA	22,50
RODRIGUEZ FERNANDEZ, PAULA	25,00
VAZQUEZ SANMATIN, ANTONIO	22,00
VILA LOPEZ, M ^a JESUS	20,00







De conformidade co disposto nas bases da convocatoria, unha vez rematado o prazo de 3 días hábiles, procederase a aprobar definitivamente a listaxe de candidatos/as e sinalarase a data, lugar e hora na que reunirase o Tribunal para a realización da segunda fase do proceso selectivo (entrevista).

Sendo as 10.30 horas, dáse por rematada a reunión.

A Coruña, 1 de xuño de 2016

